



CONCELLO DE ARANGA

CONVOCATORIA SUVENCIÓNS A INSTITUCIÓNS SEN FIN DE LUCRO DE ARANGA PARA O ANO 2023.-

O pleno municipal, con data 31/08/2023, aprobou a convocatoria e bases de subvencións para institucións sen fin de lucro de Aranga para o ano 2023.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles contados a partir do seguinte á inserción do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO DE ARANGA PARA O ANO 2023.-

1. Finalidade e principios xerais.

Coa finalidade de apoiar as entidades e asociacións sen fin de lucro que prestan servizos ou realizan actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal, ou que contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio, no ámbito da cultura, deporte e festexos patronais, convócanse para o exercicio 2023 as seguintes subvencións, consoante co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Real Decreto 2/2004, de 5 de maio, que aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais, no Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 38/2003 xeral de subvencións e o seu regulamento, na Lei 5/1997 de administración local de Galicia e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e o seu regulamento.

Os principios aos que se suxeita o procedemento de outorgamento de subvencións son os seguintes: publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A presente convocatoria marca obxectivos de carácter xeral como a mellora da xestión e organización de actividades e equipamentos mediante a concesión de subvencións, para o desenvolvemento de actividades, obras ou servizos que lles sexan propios das entidades sen ánimo de lucro e asociacións rexistradas no concello de Aranga, e ao mesmo tempo teñan interese xeral, durante o ano 2023.

Quedan **excluídos** da presente convocatoria as seguintes actividades ou investimentos:

- Os gastos de manutención (gastos de comidas ou similares das asociacións)

- Os gastos de traslado ou transporte excepto os que soliciten e realizen, conxuntamente, todas as asociacións a través da Federación Municipal de Aranga “Fragas do Mandeo” .Se inclúen , nembargantes, os gastos de traslado cando se trate de intercambios deportivos ou culturais onde sexa necesario.
- Exclúense igualmente os gastos da excursión anual que organiza o ANPA do CEIP de A Castellana, que se aboan directamente polo concello.
- Os gastos derivados das retencións do Imposto da Renda das persoas físicas (IRPF)
- As actividades ou inversións de carácter confesional.
- No apartado de actividades quedan excluídas de participación as entidades deportivas que participen na convocatoria específica de subvencións a entidades deportivas de Aranga 2023.
- Os gastos que non esten directamente vinculados á actividade ou inversión obxecto da subvención ou que difícilmente poidan relacionarse con ella.

Os gastos excluídos non poderán recollerse nos orzamentos que se presenten na solicitude.

Cada solicitante só poderá solicitar unha subvención para un obxecto dentro de cada apartado, é dicir, como máximo poderá solicitarse unha subvención para actividade e outra para inversión. Ademais indicárase a prioridade entre elas.

2. Obxecto e aplicación presupostaria.

Serán obxecto de subvención especialmente os seguintes ámbitos de actuación: cultura e deportes e formativo, nos apartados de actividades e de inversión.

1.-Apartado de actividades:

- Dinamización da xuventude: cursos, charlas, actividades de verán, ocio e tempo de lecer, programas de integración social etc.
- Promoción e recuperación da cultura, historia, tradicións locais (festivais, publicacións, certames, mostras, exposicións...)
- Fomento das artes plásticas, audiovisuais, musicais ou escénicas (certames, cursos, concertos...)
- Promoción do deporte, exercicio físico, coidado da saúde .
- Realización de actividades de conciliación familiar e laboral

2.- Apartado de inversións:

- Obras de novas instalacións ou de mantemento e conservación, tales como melloras nas instalacións ou creación de novas instalacións, así como equipamentos de materiais ou mobiliario e medios non funxibles necesarios para o desenvolvemento da actividade.

En materia de festexos patronais financiarase con 300 €, exclusivamente, a celebración das festas patronais, sempre e cando se soliciten pola Comisión de Festas que dispoña do seu CIF correspondente e se acredite a celebración da festa. Estas subvencións tramítanse durante todo o ano, polo que quedan excluídas, na súa tramitación, da presente convocatoria.

As subvencións ou transferencias correntes a institucións sen fin de lucro imputaranse á partida 2023.0.334.0.48900 dotada cun crédito inicial de 20.000,00 € . Respecto das inversións imputaranse á partida 2023.0.459.0.78000 dotada cun crédito inicial de 17.500,00 €. Os créditos para as comisións de festas están previstos na partida 2023.0.334.48001.

Non obstante, e unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Pleno Municipal, á vista das que tiveron entrada no Rexistro Xeral, poderá modificar estas contías despois do expediente de modificación de créditos.

3. Solicitantes.

1. Poderán optar a estas subvencións, sempre que cumpran os requisitos que se indican:

- as entidades ou asociacións, xuridicamente constituídas, así como os comités organizadores, que estean inscritas no rexistro municipal de asociacións.

Requisitos: - Carecer de fins de lucro.

- Desenvolvemento da súa actividade dentro do termo municipal de Aranga, ou con beneficio evidente para a veciñanza.

- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda concedida polo Concello salvo que a Comisión de Subvencións aprecie razóns que xustifiquen eludir ese requisito.

- Estar ao día nas obrigas tributarias, coa seguridade social e co Concello.

- Non estar incurso en supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percepción de axudas ou subvencións públicas.

2. As ANPA dos centros de ensino público do Concello.

4. Condicións das solicitudes.

1. As subvencións solicitadas por cada asociación que cumpra os requisitos sinalados na base 3, deberán referirse, exclusivamente, a un obxecto dentro de cada apartado. É dicir, só poderán solicitar, como máximo, unha subvención para actividades e outra para inversións, sinalando ademais a prioridade entre elas.

2. Establécese a contía máxima de cada solicitude en 6.000,00 € para actividades e de 10.000,00 € para inversións, de xeito que as solicitudes, para cada un dos ámbitos, que excedan do dito importe serán reducidas automaticamente.

3. As solicitudes para inversión deberán ir acompañadas de certificación da titularidade do ben no que se realizará a inversión ou autorización do seu titular.

5. Documentación.

As solicitudes formularanse nos modelos normalizados que se lles facilitarán nas oficinas municipais e achegarase a seguinte documentación:

a) Memoria explicativa da actividade ou inversión que se quere realizar, indicando os obxectivos, os beneficiarios e os fins a que se destinarán aos fondos (Anexo I).

b) Presuposto detallado dos gastos e ingresos da actividade ou inversión (Anexo I).

c) Importe da subvención que se solicita que en ningún caso poderá ser de tal cantidade que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade que se vai realizar (Anexo I).

O importe da subvención consistirá nunha porcentaxe do solicitado, tendo en conta que se considerará importe solicitado o que se deduza da solicitude (Anexo I) , que será a cantidade que resulte de descontar, do orzamento de gastos o importe dos ingresos procedentes doutras aportacións, incluídas as aportacións dos socios/as.

A porcentaxe de financiación fixaráa a Comisión avaliadora, tendo en conta o crédito dispoñible e as solicitudes presentadas.

A porcentaxe de financiación fixarase pola Comisión Municipal de Subvencións tendo en conta o crédito dispoñible e o importe do total das axudas solicitadas.

d) Certificación da conta bancaria do solicitante.

e) Os comités organizadores ou veciñais presentarán ademais da acta fundacional coa relación dos seus compoñentes e a estrutura de funcionamento, así como unha copia do CIF solicitado para o efecto.

f) No caso de que a información que consta no rexistro municipal de asociacións non estea actualizada, incorporarase a súa comunicación.

g) Certificación do acordo de solicitude adoptado polo órgano competente e do nomeamento do representante para as súas relacións co Concello, no caso de entidades formalizadas (Anexo II).

h) Declaración responsable do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade e de aceptación das bases da convocatoria (Anexo III).

i) Declaración do representante de que o solicitante está ao corrente das súas obrigas tributarias e de seguridade social e autorización para obter directamente certificacións ou informes sobre os ditos aspectos dos organismos competentes (Anexo III).

j) Cando a axuda se solicite para o apartado de actividades deberá comunicarlle ao concello a data para a súa realización, con carácter previo, a efectos de facilitar as actuacións de comprobación.

k) Cando a axuda se solicite para inversións presentarse un plano de situación e descrición valorada das obras co orzamento detallado. Acreditarase, ademais, a titularidade do ben no que se realizará a inversión, ou autorización expresa do titular, e ademais adxuntarase o compromiso de solicitar a licenza e as autorizacións precisas para a realización da inversión.

l) Autorización publicación da datos(Anexo IV)

No caso de que as solicitudes non reunisen os requisitos mínimos esixidos farase un requirimento para a emenda, no prazo de dez días hábiles segundo establece o artigo 68 da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O incumprimento da emenda producirá a caducidade da solicitude.

6. Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello, preferiblemente de forma telemática a través da sede electrónica, na forma establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

7. Resolución das subvencións.

A concesión de subvencións realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva, por Resolución da Xunta de Goberno Local, despois da proposta motivada da Comisión Municipal de subvencións , logo da petición dos informes que considere oportunos.

A Comisión municipal de subvencións ten a facultade de interpretar as presentes bases.

A Comisión de subvencións estará composta por:

- Presidente: o Alcalde.
- Vogais: un representante de cada grupo municipal, que serán nomeados polo Alcalde a proposta de cada grupo.
- Secretaria: a da corporación ou funcionario en quen delegue.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinaranse tendo en conta os seguintes criterios:

1. Interese xeral ou sectorial, utilidade ou servizo do investimento ou actividade que se propón realizar: poderanse outorgar ata 5 puntos.
2. Número de veciños/as beneficiados/as directa ou indirectamente pola actividade ou investimento: poderanse outorgar ata 5 puntos.
3. Representatividade social e territorial no municipio: poderanse outorgar ata 3 puntos.
4. O carácter periódico ou permanente da actividade subvencionada: poderá valorarse ata 3 puntos.

5. Coordinación e complementariedade cos programas desenvolvidos polo Concello: poderanse outorgar ata 5 puntos.

Nembargantes a Comisión de Subvencións poderá acordar a concesión de todas as axudas solicitadas, establecendo un porcentaxe da cuantía solicitada, igual para todas as asociacións, cando considere que as solicitudes reúnen criterios similares de valoración.

A Xunta de Goberno Local analizará a proposta da Comisión e resolverá, logo do informe de fiscalización de Secretaría-Intervención, realizando o oportuno reparto da cantidade dispoñible.

A resolución da concesión seralles notificada expresamente a todos os solicitantes, no prazo de dez días que se contarán a partir da data da resolución, e será exposta no taboleiro de anuncios da casa consistorial e na páxina web do Concello. Contra a desestimación expresa ou presunta poderán formularse os recursos que procedan.

O coeficiente de financiación que se establece para a concesión das subvencións será do un por cento. Este coeficiente poderá modificarse a proposta da Comisión municipal de subvencións.

8. Obrigas dos beneficiarios.

Os beneficiarios deberán aceptar a subvención no prazo de dez días, sen prexuício de que transcurrido dito prazo sen manifestar nada en contra, se entenda tácitamente aceptada.

Os beneficiarios asumen as seguintes obrigas:

1. Realizar as actividades ou inversións propostas dentro do ano 2023 acreditando o cumprimento da finalidade da subvención.

Por motivos xustificados poderá solicitarse o cambio do obxecto da subvención, tanto en canto ao ámbito como ao tipo de subvención e o importe máximo a conceder será o mesmo da Resolución que se ditou, salvo que proceda a redución da contía por obter valoración menor.

2. Someterse ás actuacións de comprobación do Concello así como facilitar a información que o Consello de contas lle requira.

3. Comunicarlle ao Concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades para a mesma finalidade.

4. Conservar a contabilidade precisa e os documentos xustificativos da aplicación dos fondos durante o prazo de catro anos.

5. Proceder ao reintegro do percibido en caso de incumprimento ou xustificación insuficiente.

6. Sinalar na publicidade da actividade ou na inversión o cofinanciamento do Concello de Aranga. A non xustificación desta obriga por parte do beneficiario poderá determinar a perda da subvención.

7. Asumir todas as responsabilidades civís e legais da actividade ou inversión que realizan.

8. Compromiso de manter as inversións ou equipamentos durante tres anos, destinándoos a finalidade para que foi concedida a subvención.

9. Comunicarlle ao concello as datas da realización das actividades que sexan obxecto da subvención.

9. Xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá presentarse antes do 10 de decembro de 2023 , sen posibilidade de prórroga.

A documentación xustificativa deberá referirse a actividades realizadas durante o ano 2023 ou a inversións realizadas no dito ano.

De non se presentar a xustificación dentro do prazo indicado iniciárase expediente de anulación do compromiso de gasto, mediante Resolución da Alcaldía.

Se a documentación presentada fose insuficiente ou incorrecta outorgárase un prazo de dez días para a súa emenda.

O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entidades, supere o custo da actividade ou do investimento que desenvolva o beneficiario.

Para a xustificación da subvención o beneficiario deberá presentar, no Rexistro Xeral do Concello, a seguinte documentación:

- Certificación do secretario da entidade, co visto e prace do presidente, que acredite o cumprimento da actividade ou investimento, e por tanto de ter cumprida a finalidade da subvención(Anexo V)

- Certificación do secretario co visto e prace do presidente, das subvencións obtidas doutros organismos ou entidades para o mesmo concepto. (Anexo V)

- Relación clasificada dos gastos realizados asinada polo secretario da entidade, co visto e prace do Presidente, no que se identifiquen acreedores, conceptos de gasto, número de factura, importe, data de emisión e data de pagamento.(Anexo V)

- As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades ou inversións xustificáranse mediante facturas orixinais ou copias compulsadas que se correspondan co período subvencionado e datos que faciliten a comprobación de que o documento axústase ao obxecto da subvención.

- Xustificante do cumprimento da obriga de publicitar o cofinanciamento do Concello: mediante copia dos impresos ou carteis xerados pola entidade onde se faga constar a participación do concello de Aranga no financiamento da actividade ou fotografía do cartel que se debe colocar no lugar da inversión (tamaño A4).

- Memoria xustificativa das actividades realizadas ou dos investimentos realizados obxecto da subvención.

10. Pagamento.

Á vista da documentación xustificativa a Comisión Municipal de subvencións valorará o cumprimento da finalidade básica obxecto da subvención. Logo das comprobacións oportunas procederá a propoñer a Alcaldía o seu aboamento, mediante transferencia bancaria na conta sinalada polo beneficiario. Se se xustifica o gasto polo 100% do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención e no caso de que se xustifique un gasto inferior ao orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.

11. Anticipos.

Será posible anticipar ata un 50% da cantidade concedida nos casos nos que, despois da solicitude razoada da entidade, así acorde a Xunta de Goberno Local, sempre que estea iniciada a actividade ou a inversión. O 50% restante aboarase no momento da xustificación.

12. Reintegros.

Procederase ao reintegro total ou parcial da subvención ou do anticipo outorgado cando se constate, logo de oír o beneficiario, calquera das seguintes situacións:

- Incumprimento da finalidade obxecto da subvención.
- Falta de xustificación ou realizar a xustificación de forma insuficiente ou deficiente.
- Obtención da subvención falseando ou ocultando as condicións necesarias para iso.
- Non xustificar a publicidade do cofinanciamento polo Concello.

13. Réxime xurídico aplicable.

Estas bases e as subvencións que se outorguen ao seu amparo rexeranse polas mesmas e no non previsto por elas:

- Pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, do regulamento xeral de subvencións.
- Pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009.
- Pola Lei reguladora das bases de réxime local 7/1985, de 2 de abril, e a Lei 5/ 1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais.
- Restantes disposicións complementarias aplicables.
- Polas bases do Orzamento municipal do exercicio 2019 do Concello de Aranga.

14. Disposición final.

Contra o acto administrativo que resolva o procedemento de concesión de subvencións , que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto e no prazo dun mes dende o seguinte á recepción da notificación, segundo establece o artigo

112 da lei 39/2015 de Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas .

15. Protección de datos de carácter persoal.

O solicitante que se adhiera a esta convocatoria, consinte en que os datos de este expediente queden incorporados aos ficheiros informáticos do concello de Aranga. Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros cuxa finalidade é conter datos das persoas e asociacións que participan na convocatoria, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos e poderán ser incluídos na páxina Web do concello, do que se informa en cumprimento do disposto no artigo 5 da lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

Aranga, 3 de agosto de 2023

O alcalde:Asdo.: Alberto Platas Álvarez

ANEXO I.-

MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA INSTITUCIÓN SEN FIN DE LUCRO DE ARANGA AÑO 2023.

CANLE DE NOTIFICACIÓN



Notificación Postal



Notificación telemática

DATOS DA ENTIDADE:

Nome _____,

CIF _____

Cuotas socios/as	
Outras subvencións solicitada ou percibidas (detalladas)	

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Non se solicitaron ni obtiveron subvencións para a mesma finalidade ao longo do presente ano.

Solicitáronse subvencións para a mesma finalidade aos seguintes organismos:

<u>Organismo</u>	<u>Importe solicitado</u>	<u>Importe outorgado</u>
		-

Que coñece e acepta as bases da convocatoria, reunindo os requisitos exisidos nas mesmas.

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA

Aranga, de de 2023
Asdo.: O representante da Entidade

ANEXO II.- DESIGNACIÓN DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE ANTE O CONCELLO DE ARANGA.-

D./D.^a _____, en calidade de secretario/a da entidade _____,

CERTIFICO:

Que a Xunta directiva da entidade, na sesión que se realizou o día _____, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Acollerse á convocatoria de subvencións publicada polo Concello de Aranga para a promoción de actividades culturais e deportivas e festexos populares correspondentes ao exercicio 2019.

2º.- Designar a _____ D./D.ª para que represente á entidade ante o Concello en todo o procedemento.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino o presente documento de orde e co visto e prace do Sr. presidente en Aranga, a _____ de _____ de dous mil vinte e tres.

O secretario/a:

V. e Pr.
O Presidente:

ANEXO III.- DECLARACIÓN RESPONSABLE DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE.

D./D.ª _____, co NIF _____ e domicilio en _____, na súa calidade de representante da entidade _____, con coñecemento dos delitos nos que puidese incorrer por falsidade,

DECLARO:

- Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e que, tanto a entidade como o representante, non estou incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade ningunha para contratar e percibir subvencións da administración pública.
- Que a entidade por min representada se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Aranga poida acordar para comprobar que as actuacións ás que adique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden coa finalidade para os que se solicita.
- Que a entidade por min representada se compromete a difundir na publicidade das actividades subvencionadas o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Aranga, inserindo o seu logo oficial en todo o material que se utilice para a dita difusión.
- Que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Que autorizo ao Concello de Aranga a solicitar no nome da entidade por min representada as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, a fin de acreditar o cumprimento das correspondentes obrigas. (No caso de non autorizalo, a entidade deberá aportar estas certificacións oficiais con carácter previo ao pagoamento da axuda que se lle outorgue).

Aranga, de de 2023

Asdo.: O representante da entidade

ANEXO IV.- Autorización publicación de datos.

Autorización para a publicación de datos de Entidades sen ánimo de lucro do Municipio de Aranga na páx. web www.aranga.gal e/ou nos folletos de divulgación

publicitarios e información da actualización dos cargos da

A través do presente documento con DNI en representación da entidade con CIF con **Enderezo** ARANGA 15317 **Localidade** ARANGA e **Teléfono** de contacto, **Número de Rexistro Municipal de Asociacións:**

.INFORMO DOS CARGOS DE DITA ENTIDADE E (RODEAR O QUE SE DECIDA)

--NON --S/

Autorizo ao Concello de Aranga a publicar os seguintes datos que se especifican a continuación, mentres non se presente un informe por escrito do contrario, por tempo indefinido e responsabilizándome de enviar un informe actualizado no caso dalgunha modificación destes datos.

Nome:

Enderezo:

Nome do Presidente:

Secretaria:

Tesoureira:

Vocais:

Persoa de contacto/Teléfono/ Datos de contacto:

Obxecto da Asociación:

Aranga, de de 2023
Asdo.:

**ANEXO V.
XUSTIFICACIÓN.**

D./D.^a _____, na súa calidade de secretario/a da entidade _____,

CERTIFICO:

Que foron efectuadas as actividades ou investimentos financiados coa achega concedida polo Concello de Aranga para a promoción de actividades culturais e deportivas, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2023 resultando cumprida a finalidade da subvención.

Que a relación de gastos en que ten incurrido a asociación é a seguinte:

CONCEPTO	ACREEDOR	N.º FACTURA	DATA EMISIÓN	IMPORTE	DATA DE PAGO

Que os ingresos que financian a actividade ou investimento (cuotas socios, outras subvencións...9 son :

CONCEPTO	DEBEDOR	DATA INGRESO	IMPORTE

Que as subvención que se obtiveron doutras Administracións ou Organismos públicos ou privados, as seguintes subvencións para a mesma finalidade, que figuran no cadro anterior son:

Que se xuntan facturas orixinais dos gastos realizados así como o xustificante da publicidade da cofinanciación polo Concello e a memoria explicativa das actividades ou inversións.

Aranga, de _____ de 2023
O secretario da entidade

Vº.Prace .O Presidente

Asdo:

Asdo:"